

Á atención das familias do noso alumnado.

Lugo, 23 de xaneiro de 2024.

Benqueridas familias:

As festas de Don Bosco 2024 están xa ás portas e ante todas as propostas que temos ao longo dos vindeiros días escribovos estas letras para destacar algunhas e invitarvos a elas.

Son as festas mais importantes para nós e este ano reviviremos o Soño que Don Bosco tivo aos 9 anos.

Destaco algúns dos actos principais das festas:

O día **26, venres, ás 19:00 horas** celebraremos o **Día do Carisma Salesiano no salón de actos**. Neste acto compartíremolo os tres ambientes da nosa Casa Salesiana xunto cos grupos da Familia Salesiana.

(Achégase invitación co programa do acto).

O **triduo na honra de Don Bosco** que se celebrará na Parroquia da Milagrosa:

O luns 29, martes 30 e mércores 31 ás 19:30h.

O día **30, martes, ás 13:00 horas** teremos o **Xesto colexial pola Paz** na Praza da Milagrosa (se as circunstancias meteorolóxicas o permiten). Están invitados todos os membros da nosa Comunidade Educativa-Pastoral.

O mesmo día serán as celebracións colexiais de Don Bosco de 3º, 4º, 5º e 6º de EP, e os festivais colexiais de EI e 2º EP.

O **día 31, mércores**, celebramos a **festividade de San Xoán Bosco**, o noso patrón. Realizaranse as celebracións de EI, 1º e 2º EP e ESO; así coma os festivais colexiais de 4º e 5º EP e ESO.

Tede en conta a seguinte información:

Non é necesario traer libros nin material escolar, porque o día ten un carácter lúdico-festivo.

- Arredor de media mañá haberá unha **degustación para todo alumnado**.
- As horas de **entrada e saída non varían**, son como un día normal.
- **Gardería e Comedor**: Horario habitual.
- **Actividades deportivas e extraescolares**: Horario habitual.



Este ano o noso tradicional **Festival Solidario** realizáremolo no Salón de Actos do noso colexio.

Organización dos cursos:

- Luns 5 de febreiro:
 - 1º e 3º de ESO: 17:15 h.
 - 2º e 4º de ESO: 18:30 h.
- Martes 6 de febreiro: 5ºEP e 4ºB de EP 17:15 h.
- Mércores 7 de febreiro: 2º EP e 4º A de EP 17:15 h.
- Xoves 8 de febreiro: 6ºEI (5 anos) 17:15 h.

PARA A RETIRADA DAS ENTRADAS TEDE EN CONTA O SEGUINTE:

- Soamente se poderán retirar en portería.
- Debido ás dificultades de aforo do noso salón de actos, nun primeiro momento só poderán retirarse ata **tres** entradas por alumno ou alumna de **EP e ESO*** a partir do **mércores 24 de xaneiro** (ata as 14.00 horas do día 31).
*As familias de **6ºEI** poderá recoller ata **catro** entradas nun primeiro momento.
- A partir do **1 de febreiro** poderán retirarse as entradas que quedasen libres.
- **Os festivais teñen unha finalidade benéfica**, polo que se pide **un donativo (a vontade)**. As persoas que desexen colaborar e non poidan asistir á velada, poden facer igualmente un donativo (**fila O**).
- A recadación destinarase integramente ó proxecto: “Canillitas”. Se recordades, este proxecto foi presentado a través do documental que se proxectou no noso colexio e no MIHL para erradicar o traballo infantil. Proxecto levado a cabo por Misiones Salesianas.
- Recordade que **non está permitida a gravación de fotografías nin de vídeos** durante os festivais solidarios.

Agradecemos de antemán a vosa colaboración nesta iniciativa, sabendo que sodes familias solidarias.



salesianos
LUGO

Colexio plurilingüe
Divina Pastora

un
soño
para ti



Desexo que estas festas de Don Bosco sexan un momento de lelicia, de solidariedade e de familia na que todos podamos celebrar que tamén nós aparecíamos nos soños de Don Bosco.

Felices Festas de Don Bosco 2024! VIVA DON BOSCO!

José Luis Gallego Fortes
Director